# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR
CURSO: 1º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir, o Departamento de Lingua Galega e Literatura tomou estas decisións:

- Afianzar os contidos da primeira e segunda avaliación mediante actividades de repaso, reforzo e recuperación:
  - Repasar e reforzar cos alumnos que acadaron unha cualificación positiva no segundo trimestre.
  - Recuperar a aqueles alumnos que non conseguiron acadar os obxectivos fixados na 1ª ou na 2ª avaliación.
- Avanzar certos aspectos da materia tal e como especificamos na seguinte táboa que recolle a unidade e as páxinas do libro de texto, os bloques de contido, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles:
- A través dos distintos estándares, traballaranse as seguintes competencias: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

| 5 | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES E INDICADORES |
|---|---|---|---|
| Uso de c/z/qu pp. 108-109 | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.<br>B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Uso gráfico e pronuncia de *c/z/qu*.<br>• Algunhas palabras rematadas en *-zo* e *-za*.<br>• Uso de *cc/ct*.<br>• Algunhas palabras que manteñen os grupos cultos tras as vogais *i*, *u*. | B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Empregar adecuadamente *c*, *z* e *qu* en palabras dadas e explicar o seu uso en textos, segundo a súa pronuncia sexa forte ou feble.<br>• Usar adecuadamente os grupos *cc/ct* en enunciados dados. | LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.<br>LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Localiza os *c*, *z* e *qu* empregados nun texto e clasifícaos segundo a súa pronuncia sexa feble ou forte.<br>• Completa correctamente un grupo de palabras empregando *c*, *z* e *qu*.<br>• Usa adecuadamente *cc/c* e *ct/t* para completar palabras en viñetas.<br>• Utiliza axeitadamente *cc/c* e *ct/t* para completar palabras en enunciados. |

| 6 | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES E INDICADORES |
|---|---|---|---|
| As novas tecnoloxías pp. 122-123 | B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).<br>B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.<br>Interpretación de iconas empregadas na comunicación dixital.<br>B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>• O léxico das novas tecnoloxías.<br>• Estranxeirismos. | B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).<br>• Reflexiona en grupo sobre o uso das tecnoloxías da comunicación seguindo un guión e respectando as regras de interacción.<br>B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.<br>• Interpretar o significado de iconas empregadas na comunicación dixital.<br>B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.<br>• Ampliar o seu coñecemento do léxico relacionado coas novas tecnoloxías e incorporalo ás súas producións orais e escritas.<br>• Coñecer e asociar a imaxes as denominacións de varios dispositivos tecnolóxicos.<br>• Coñecer o significado de diversos termos relacionados coas computadoras e a comunicación por Internet.<br>• Recoñecer a presenza de estranxeirismos no léxico das tecnoloxías. | LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.<br>• Discute en grupo sobre o uso das tecnoloxías da comunicación seguindo un guión.<br>• Respecta as regras de interacción na posta en común de opinións.<br>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. Segue o guión proposto e cínguese ao tema<br>LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, ...).<br>Indica a función que representan diferentes iconas empregadas na comunicación dixital.<br>LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.<br>• Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado coas novas tecnoloxías e incorpórao ás súas producións.<br>• Nomea os dispositivos tecnolóxicos sinalados nunha ilustración.<br>• Relaciona unha serie de definicións con termos relacionados coas computadoras e a comunicación por Internet.<br>• Recoñece a presenza de estranxeirismos no léxico das tecnoloxías. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| O verbo pp. 124-125 | B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (verbo) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.<br>• O verbo: alternancias vocálicas.<br>• Os verbos irregulares.<br>• Verbos que se conxugan como pedir.<br>• Verbos que se conxugan como seguir.<br>• Verbos que se conxugan como durmir.<br>• Formais infinitas. Flexión de xénero e número no participio.<br>• Perífrases verbais. | B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.<br>• Localizar nun texto formas verbais con alternancias vocálicas.<br>• Conxugar en presente de indicativo verbos con alternancias vocálicas.<br>• Identificar no texto verbos irregulares e sinalar a súa raíz.<br>• Conxugar verbos irregulares tirados do texto en presente, pretérito e futuro de indicativo.<br>• Identificar en viñetas perífrases verbais.<br>• Substituír as perífrases verbais dun texto por unha forma verbal simple e observar as diferenzas de significado.<br>• Relacionar unha serie de perífrases verbais cos seus significados. | LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.<br>• Localiza nun texto formas verbais con alternancias vocálicas.<br>• Conxuga en presente de indicativo verbos con alternancias vocálicas.<br>• Identifica no texto verbos irregulares e sinala a súa raíz.<br>• Conxuga verbos irregulares tirados do texto en presente, pretérito e futuro de indicativo.<br>• Identifica en viñetas perífrases verbais.<br>• Substitúe as perífrases verbais dun texto por unha forma verbal simple e sinala as diferenzas de significado.<br>• Relaciona unha serie de perífrases verbais cos seus significados. |
| Uso de B/V pp. 126-127 | B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Uso de *b*.<br>• Uso de *v*.<br>• Algunhas palabras con *b*.<br>• Algunhas palabras con *v*.<br>• Uso de *m* ante *b* e uso de *n* ante *v*. | B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Respectar as regras de uso de *b* e *v* para completar correctamente series de palabras.<br>• Reescribir un texto utilizando adecuadamente o *b* e o *v*.<br>• Conxugar e escribir correctamente o presente de indicativo do verbo *ir*.<br>• Escribir un texto de dez liñas utilizando adecuadamente palabras dadas con *b* e *v*. | LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Completa series de palabras respectando as regras de uso de *b* e *v*.<br>• Reescribe un texto utilizando adecuadamente o *b* e o *v*.<br>• Conxuga e escribe correctamente o presente de indicativo do verbo *ir*.<br>• Escribe un texto de dez liñas utilizando adecuadamente palabras dadas con *b* e *v*. |

| 7 | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES E INDICADORES |
|---|---|---|---|
| Os medios de transporte 140-141 | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>• Léxico relativo aos medios de transporte.<br>• Familia léxica.<br>• Palabras polisémicas.<br>B3.6. Recoñecemento, uso e explicación da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. | B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.<br>• Ampliar o seu coñecemento do léxico relativo aos medios de transporte.<br>• Coñecer verbos e substantivos do campo semántico dos medios de transporte.<br>• Coñecer as denominacións das partes dun automóbil e asocialas a unha imaxe.<br>• Elaborar por parellas, seguindo unhas pautas, o campo semántico dos vehículos terrestres.<br>• Indicar dous significados diferentes para varios verbos polisémicos e construír cadanseu enunciado.<br>B3.6. Diferenciar as flexivas das non flexivas.<br>• Recoñecer o procedemento de formación de palabras compostas a partir de termos do campo semántico estudado na unidade.<br>• Explicar o significado de varias palabras compostas e contrastar as súas definicións empregando o dicionario | LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.<br>• Amplía o seu coñecemento do léxico relativo aos medios de transporte.<br>• Escribe verbos e substantivos do campo semántico dos medios de transporte.<br>• Asocia a unha imaxe as denominacións das partes dun automóbil.<br>• Elabora por parellas, seguindo unhas pautas, o campo semántico dos vehículos terrestres.<br>• Indica dous significados diferentes para varios verbos polisémicos e constrúe cadanseu enunciado. LGB3.6.1. Distingue as flexivas das non flexivas.<br>• Recoñece o procedemento de formación de palabras compostas a partir de termos do campo semántico estudado na unidade.<br>• Explica o significado de varias palabras compostas e contrasta as súas definicións empregando o dicionario. |
| Uso de H 146-147 | B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Uso de *h*.<br>• Algunhas palabras con e sen *h*.<br>• Os signos de puntuación.<br>• O punto: punto e seguido, punto e á parte e punto final. | B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Empregar adecuadamente o *h* na escrita das palabras correspondentes ás definicións dunha serie.<br>• Comentar os cambios de significado en varios enunciados dependendo da súa puntuación.<br>• Corrixir, coa axuda dun cadro, unha serie de palabras con ortografía incorrecta en canto ao uso do *h*.<br>• Puntuar axeitadamente un texto dado. | LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Emprega adecuadamente o *h* na escrita das palabras correspondentes ás definicións dunha serie.<br>• Comenta os cambios de significado en varios enunciados dependendo da súa puntuación. LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.<br>• Corrixe, coa axuda dun cadro, unha serie de palabras con ortografía incorrecta en canto ao uso do *h*.<br>• Puntúa axeitadamente un texto dado. |

| 8 | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES E INDICADORES |
|---|---|---|---|
| Coidamos o noso medio 160-161 | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>• Léxico relacionado co coidado do medio.<br>B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas, así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos. Os prefixos.<br>• Prefixos *re*-, *eco* e *bio*-. | B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.<br>• Ampliar o seu coñecemento do léxico relacionado co coidado do medio.<br>• Nomear e clasificar imaxes de obxectos de uso cotián nun cadro con ilustracións de colectores ecolóxicos.<br>• Recoñecer nun texto termos relativos ao coidado do medio e asocialos ás definicións dunha serie. B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.<br>• Identificar a función dos prefixos na formación de palabras e coñecer o significado dos máis frecuentes no campo semántico tratado na unidade (*re*-, *eco* e *bio*-).<br>• Formar palabras mediante a prefixación, a partir dunha serie de termos dada. | LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.<br>• Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado co coidado do medio.<br>• Nomea e clasifica imaxes de obxectos de uso cotián nun cadro con ilustracións de colectores ecolóxicos.<br>• Recoñece nun texto termos relativos ao coidado do medio e asóciaos ás definicións dunha serie.<br>LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.<br>• Identifica a función dos prefixos na formación de palabras e coñece o significado dos máis frecuentes no campo semántico tratado na unidade (re-, eco e bio-).<br>• Emprega os prefixos estudados para formar palabras a partir dunha serie de termos dada. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| R/RR, puntuación pp. 164-165 | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.<br>B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Uso de *r* / *rr*.<br>• A coma.<br>• O punto e coma. | B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. Ler un poema en voz alta fixándose na pronuncia das palabras con *r*.<br>B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Clasificar as palabras con r dun poema segundo a súa pronuncia sexa vibrante simple ou múltiple.<br>• Coñecer as normas de uso de *r* e *rr* e empregalas para completar unha serie de palabras.<br>• Coñecer as pautas de uso da coma e engadir as que sexan precisas nunha serie de enunciados.<br>• Coñecer as pautas de uso do punto e coma e puntuar unha serie de enunciados empregando coma ou punto e coma. | LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.<br>• Le un poema en voz alta fixándose na pronuncia das palabras con r.<br>LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Clasifica as palabras con *r* dun poema segundo a súa pronuncia sexa vibrante simple ou múltiple.<br>• Emprega correctamente *r* ou *rr* para completar unha serie de palabras.<br>• Engade axeitadamente comas nunha serie de enunciados.<br>• Puntúa unha serie de enunciados empregando coma ou punto e coma.<br>• Coloca os puntos e coma precisos nun texto. |

| 9 | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES E INDICADORES |
|---|---|---|---|
| Os deportes pp. 176-177 | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.<br>• Léxico relacionado cos deportes.<br>• As palabras compostas. | B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.<br>• Ampliar o seu coñecemento do léxico relacionado cos deportes.<br>• Asociar as ilustracións dunha serie coas correspondentes denominacións de deportes.<br>• Clasificar termos relacionados coa actividade física en campos semánticos dos deportes.<br>• Escribir as instrucións dunha táboa de exercicios físicos dada empregando os verbos dunha listaxe | LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.<br>• Amplía o seu coñecemento do léxico relacionado cos deportes.<br>• Asocia as ilustracións dunha serie con denominacións de deportes.<br>• Clasifica termos relacionados coa actividade física en campos semánticos dos deportes.<br>• Escribe as instrucións dunha táboa de exercicios físicos dada empregando os verbos dunha listaxe |
| S/X e puntuación pp. 182-183 | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.<br>• Pronuncia de *x* / *s*.<br>B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Uso de *x* / *s*.<br>• Algunhas palabras con s e algunhas palabras con *x*.<br>• Dous puntos e puntos suspensivos.<br>• Ortografía dos signos de interrogación e exclamación. | B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Completar unha serie de enunciados empregando *x* ou o *s*.<br>• Explicar a diferenza de significado en pares de palabras con *x* / *s*, coa axuda do dicionario.<br>• Introducir axeitadamente os dous puntos en enunciados.<br>• Engadir os puntos suspensivos precisos nun texto. | LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Completa unha serie de enunciados empregando o *x* ou o *s*.<br>• Explica a diferenza de significado en pares de palabras con *x* / *s*, coa axuda do dicionario.<br>• Introduce axeitadamente os dous puntos en enunciados.<br>• Engade os puntos suspensivos precisos nun texto. |

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td colspan="2">Atendendo ao establecido no RD 463/2020 do 14 de marzo e seguindo as instrucións do 27 de marzo, dadas pola Dirección Xeral de Educación, tras declarase o estado de alarma provocado polo COVID-19 cualificouse o alumnado en base aos datos rexistrados até o 12 de marzo de 2020, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación deste Departamento. A partir desa data especificamos os aspectos relacionados coa avaliación e a cualificación que teremos en conta na terceira avaliación e nas avaliacións ordinarias e extraordinarias.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>No 3º trimestre teremos en conta:<br>• Traballo semanal (entregas): 50% , valórase a eficiencia, o rigor, a corrección e a adecuación. As respostas deben corresponderse co nivel de coñecementos do alumnado e o grado de desenvolvemento das súas competencias.<br>• Lecturas e traballos sobre textos literarios: 20%.<br>• Controis e probas de contido: 30%<br>• O alumnado suspenso na 1ª e/ou 2ª avaliación que non prepare nin supere as probas e non estea activo nas entregas do período de confinamento, poderá suspender a materia e polo tanto, deberá recuperar na proba extraordinaria de setembro 2020.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>• Observación, rexistro, probas orais e escritas, traballos en grupo e individuais.<br>• Fichas elaboradas polo profesorado para reforzar, repasar e recuperar a materia das dúas primeiras avaliacións.<br>• Recursos audiovisuais. Recursos dixitais.<br>• Achega de material complementario.<br>• Continuación da materia especificada na táboa do punto 1.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>En todos os cursos da ESO, a nota da avaliación ordinaria obterase da media das dúas primeiras avaliacións sumando o traballo da terceira avaliación que se valorará positivamente até un máximo de 2 puntos naqueles alumnos e alumnas que responderon NO PRAZO indicado e SATISFACTORIAMENTE a todas e cada unha das tarefas propostas polo profesorado.<br>No cálculo deses 0-2 puntos terase en conta o que detallamos nos procedementos de avaliación: traballo semanal (50%), lecturas e traballos sobre textos literarios (20%) e controis e probas de contidos (30%).<br>O alumnado con algunha avaliación suspensa poderá recuperala mediante tarefas ou probas en liña. Se non se amosa interese ou non se envían as tarefas con rigor e corrección, a materia non poderá ser recuperada na avaliación ordinaria e polo tanto, terá que recuperar na proba extraordinaria de setembro.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | Os contidos a avaliar serán os explicados e practicados durante o ensino presencial até o 12 de marzo (1º ESO: Unidades 1, 2, 3,4 e 5).<br>En función da permanencia do estado de alarma e das indicacións dadas polas Administracións Sanitarias e Educativas, as probas realizaranse na modalidade presencial ou telemática**.** |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado suspenso. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Actividades propostas polo profesorado na Aula Virtual por franxas semanais ou temas. O profesorado propón actividades os luns e o alumnado ten un prazo para facelas.<br>• Estas actividades serán de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación (neste último caso consideradas imprescindibles de cara ao vindeiro curso para o progreso da aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave).<br>• Nota: admítese a entrega das actividades en calquera formato: realización de tarefa na aula virtual, envío de fotos, vídeos, PDF, WORD ou directamente escritas no correo electrónico... |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • Alumnado con conectividade: a través da Aula Virtual, Abalar, Cisco-webex, correo electrónico e Drive.<br>• Alumnado sen conectividade.( A día de hoxe no CPI CRUZ DO SAR atendeuse a todos os alumnos que o reclamaron proporcionándolles equipos informáticos e conexións).<br>• Con medidas adaptadas e de reforzo para o alumnado con NEE. |
| **Materiais e recursos** | • A información das tarefas están explicadas na aula virtual do CPI cruz do SAR especificado por cursos e temas ou semanas.<br>• Libro de texto da editorial Xerais.<br>• Libros de lectura e textos literarios. (Plataforma ELBE)<br>• Vídeos e audios.<br>• Dispositivos dixitais.<br>• Dúbidas en mensaxes e foros da Aula Virtual.<br>• Dúbidas formuladas polo alumnado ou as familias no correo electrónico e Abalar.<br>• Reunións a través de Cisco-webex. |

<table>
<tr><th colspan="2">4.- Información e publicidade</th></tr>
<tr><td>Información ao alumnado e ás familias</td><td><ul><li>Cursos na “Aula Virtual”</li><li>Mensaxería e foros da Aula Virtual</li><li>Plataforma Abalar</li><li>Web do Centro</li><li>Correo electrónico, Drive</li><li>Reunións a través de Cisco-webex</li></ul></td></tr>
<tr><td>Publicidade</td><td>Esta adaptación da programación estará visible a partir do día 13 de maio 2020 na páxina web do noso centro.</td></tr>
</table>

Bergondo, 12 de maio de 2020

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR
CURSO: 2º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir, o Departamento de Lingua Galega e Literatura tomou estas decisións:

- Afianzar os contidos da primeira e segunda avaliación mediante actividades de repaso, reforzo e recuperación:
  - Repasar e reforzar cos alumnos que acadaron unha cualificación positiva no segundo trimestre.
  - Recuperar a aqueles alumnos que non conseguiron acadar os obxectivos fixados na 1ª ou na 2ª avaliación.

- Avanzar certos aspectos da materia tal e como especificamos na seguinte táboa que recolle a unidade e as páxinas do libro de texto, os bloques de contido, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles:

- A través dos distintos estándares, traballaranse as seguintes competencias: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

<table>
<tr><th colspan="3">2 ºESO</th></tr>
<tr><th>CONTIDOS</th><th>TAREFAS</th><th>AVALIACIÓN</th></tr>
<tr><td>Sistema verbal</td><td>Entregas individuais</td><td>Control aula virtual</td></tr>
<tr><td>Regras acentuación</td><td>Entregas individuais</td><td rowspan="5">Entregas</td></tr>
<tr><td>A reportaxe</td><td>Entregas individuais</td></tr>
<tr><td>Do cómic a relato.<br>Estilo directo-indirecto</td><td>Entregas individuais</td></tr>
<tr><td>Pescuda cultural por pistas</td><td>Entrega grupal</td></tr>
<tr><td>Texto instrutivo</td><td>Gravación dun experimento en vídeo ( colaboración coa materia de FeQ)</td></tr>
<tr><td>O pronome</td><td>Clase videoconferencia (2 sesións) e actividades interactivas aula virtual.</td><td rowspan="4">Control trimestral aula virtual</td></tr>
<tr><td>Panorama da literatura galega</td><td>Clase de videoconferencia (2 sesións) e actividades aula virtual</td></tr>
<tr><td>Sintaxe: grupos e funcións oración simple</td><td>Clase videoconferencia (2 sesións) e actividades aula virtual</td></tr>
<tr><td>Léxico tempo meteorolóxico, parentesco</td><td>Actividade individual  oral gravada</td></tr>
<tr><td>Lecturas</td><td colspan="2">Voluntaria para mellorar nota final.<br>Control: gravación voz (sobre 5 min). Resumo, analise personaxes (papel, carácter, relacións entre eles, …), temas que desenvolve a novela. (ata 0’5 p. na final)</td></tr>
<tr><td colspan="3">ALUMNADO CON AVALIACIÓN SUSPENSA ( 1ª/  2ª/ 1ª e 2ª)<br>Exercicio recuperación aula virtual: 8 de maio</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td colspan="2">Atendendo ao establecido no RD 463/2020 do 14 de marzo e seguindo as instrucións do 27 de marzo, dadas pola Dirección Xeral de Educación, tras declarase o estado de alarma provocado polo COVID-19 cualificouse o alumnado en base aos datos rexistrados até o 12 de marzo de 2020, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación deste Departamento. A partir desa data especificamos os aspectos relacionados coa avaliación e a cualificación que teremos en conta na terceira avaliación e nas avaliacións ordinarias e extraordinarias.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>No 3º trimestre teremos en conta:<br>• Traballo semanal (entregas): 50% , valórase a eficiencia, o rigor, a corrección e a adecuación. As respostas deben corresponderse co nivel de coñecementos do alumnado e o grado de desenvolvemento das súas competencias.<br>• Lecturas e traballos sobre textos literarios: 20%.<br>• Controis e probas de contido: 30%<br>• O alumnado suspenso na 1ª e/ou 2ª avaliación que non prepare nin supere as probas e non estea activo nas entregas do período de confinamento, poderá suspender a materia e polo tanto, deberá recuperar na proba extraordinaria de setembro 2020.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>• Observación, rexistro, probas orais e escritas, traballos en grupo e individuais.<br>• Fichas elaboradas polo profesorado para reforzar, repasar e recuperar a materia das dúas primeiras avaliacións.<br>• Recursos audiovisuais. Recursos dixitais.<br>• Achega de material complementario.<br>• Continuación da materia especificada na táboa do punto 1.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>En todos os cursos da ESO, a nota da avaliación ordinaria obterase da media das dúas primeiras avaliacións sumando o traballo da terceira avaliación que se valorará positivamente até un máximo de 2 puntos naqueles alumnos e alumnas que responderon NO PRAZO indicado e SATISFACTORIAMENTE a todas e cada unha das tarefas propostas polo profesorado.<br>No cálculo deses 0-2 puntos terase en conta o que detallamos nos procedementos de avaliación: traballo semanal (50%), lecturas e traballos sobre textos literarios (20%) e controis e probas de contidos (30%).<br>O alumnado con algunha avaliación suspensa poderá recuperala mediante tarefas ou probas en liña. Se non se amosa interese ou non se envían as tarefas con rigor e corrección, a materia non poderá ser recuperada na avaliación ordinaria e polo tanto, terá que recuperar na proba extraordinaria de setembro.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | Os contidos a avaliar serán os explicados e practicados durante o ensino presencial até o 12 de marzo (2º ESO: Unidades 1, 2, 3,4 e 5).<br>En función da permanencia do estado de alarma e das indicacións dadas polas Administracións Sanitarias e Educativas, as probas realizaranse na modalidade presencial ou telemática**.** |
| **Alumnado de materia pendente** | Os contidos a avaliar serán aqueles que se estaban a traballar a día 12 de marzo.<br>O período de recuperación da materia pendente amplíase até o 19 de xuño, aínda que por motivos de organización, para non coincidir coa avaliación da 3ª avaliación, sería recomendable realizar as probas antes desta data. |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | • Actividades propostas polo profesorado na Aula Virtual por franxas semanais ou temas. O profesorado propón actividades os luns e o alumnado ten un prazo para facelas.<br>• Estas actividades serán de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación (neste último caso consideradas imprescindibles de cara ao vindeiro curso para o progreso da aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave).<br>• Nota: admítese a entrega das actividades en calquera formato: realización de tarefa na aula virtual, envío de fotos, vídeos, PDF, WORD ou directamente escritas no correo electrónico... |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • Alumnado con conectividade: a través da Aula Virtual, Abalar, Cisco-webex, correo electrónico e Drive.<br>• Alumnado sen conectividade.( A día de hoxe no CPI CRUZ DO SAR atendeuse a todos os alumnos que o reclamaron proporcionándolles equipos informáticos e conexións).<br>• Con medidas adaptadas e de reforzo para o alumnado con NEE. |
| **Materiais e recursos** | • A información das tarefas están explicadas na aula virtual do CPI cruz do SAR especificado por cursos e temas ou semanas.<br>• Libro de texto da editorial Xerais.<br>• Libros de lectura e textos literarios. (Plataforma ELBE)<br>• Vídeos e audios.<br>• Dispositivos dixitais.<br>• Dúbidas en mensaxes e foros da Aula Virtual.<br>• Dúbidas formuladas polo alumnado ou as familias no correo electrónico e Abalar.<br>• Reunións a través de Cisco-webex. |

| 4.- Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | • Cursos na “Aula Virtual”<br>• Mensaxería e foros da Aula Virtual<br>• Plataforma Abalar<br>• Web do Centro<br>• Correo electrónico, Drive<br>• Reunións a través de Cisco-webex |
| **Publicidade** | Esta adaptación da programación estará visible a partir do día 13 de maio 2020 na páxina web do noso centro. |

Bergondo, 12 de maio de 2020

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR

CURSO: 3º ESO

MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Ante a situación tan excepcional que estamos a vivir, o Departamento de Lingua Galega e Literatura tomou estas decisións:

- Afianzar os contidos da primeira e segunda avaliación mediante actividades de repaso, reforzo e recuperación:
  - Repasar e reforzar cos alumnos que acadaron unha cualificación positiva no segundo trimestre.
  - Recuperar a aqueles alumnos que non conseguiron acadar os obxectivos fixados na 1ª ou na 2ª avaliación.

- Avanzar certos aspectos da materia tal e como especificamos na seguinte táboa que recolle a unidade e as páxinas do libro de texto, os bloques de contido, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles:

- A través dos distintos estándares, traballaranse as seguintes competencias: comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas, sentido da iniciativa e espírito emprendedor, conciencia e expresións culturais.

| | BLOQUES DE CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|---|---|
| Traballo co texto pp. 127-129 | B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.<br>• Actividades de comprensión textual. | B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.<br>• Resumir en seis liñas o contido do texto.<br>• Definir varios termos destacados no texto coa axuda do dicionario. | LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.<br>• Resume en seis liñas o contido do texto.<br>LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.<br>• Define varios termos destacados no texto coa axuda do dicionario. |

| | | | |
|---|---|---|---|
